

BANDO

SEMINARIO DE XERACIÓN E MADURACIÓN DE IDEAS EMPRESARIAIS

D. José A. Eiras Paz, alcalde-presidente do Concello de Moraña

FAI SABER:

Que os vindeiros 4, 11 e 18 de outubro terá lugar na Casa de Cultura “A.D.Rodríguez Castelao” un Seminario de Xeración e Maduración de Ideas Empresariais, organizado polo Concello de Moraña en colaboración co IGAPE-BIC Galicia.

Esta actividade ten como obxectivos xerar e madurar ideas empresariais, avaliándoas e analizando as súas posibilidades como proxecto de empresa. O seminario desenvolverase en tres sesións, nas que a partires de diferentes fontes, analizarase e determinarase a viabilidade das ideas de negocio que xurdan.

Poden asistir ó Seminario tódalas persoas interesadas teñan ou non unha idea empresarial. Para participar é imprescindible inscribirse acudindo ó Concello de Moraña ou chamando por teléfono ó número 986553005 ata o vindeiro 17 de setembro.

Moraña, 11 de agosto de 2008
O alcalde

Asdo. José A. Eiras Paz